


Unha novela para reconciliarse coa vida: «As vidas de Nito», de Xabier Paz. Anotación en Brétemas

[Manuel Bragado](#), director de Xerais, publicou en [Brétemas](#) unha [anotación](#) sobre a presentación de [As vidas de Nito](#), de [Xabier Paz](#).

«As vidas de Nito» de Xabier Paz



A [presentación](#) da segunda novela de [Xabier Paz](#), [As vidas de Nito](#), ategiu a librería [Andel](#) de Vigo. Foi Iolanda Veloso, [voceira do grupo municipal do BNG de Vigo](#), a que presentou unha novela que comezou definindo como «densa e fermosa», agradecendo ao autor «o moitísimo que me fixo sentir, dende momentos eruditos, a moitas emocións e sentimentos, xa que esta é unha novela chea de poesía». Veloso recoñeceu na novela A Coruña, a súa cidade natal, tamén a do autor, «sobre todo naquelas aventuras de verán, que é cando se aprenden máis cousas». Referiuse despois a que lle interesara moito o feito de que fose «contada por unha persoa que é diferente, que non encaixa na normalidade, o que permite ofrecer perspectivas moi diferentes», lembrando despois a actualidade deste enfoque, xa que por poñer un caso, como lera recentemente nun artigo, hoxe «as persoas con autismo son un indicador da saúde social». «Ademais, a novela fala moito de educación relixiosa e segregada que recibiu Nito, onde as mulleres convértese en nais e irmáns». Despois de comentar diversos parágrafos da obra, a presentadora salientou que «constituía un raro privilexio para cada lectora poder enfrontarse a un texto no que se tenden pontes entre disciplinas diversas para explicar o sentido da vida. As vidas de Nito fala da vida e da morte. Fala de vidas poliédricas, das vidas que vamos superpoñendo cada un de nós». Rematou as súas palabras confesando que cando estaba lendo esta novela «estaba convencida de que falaban de min». «Estou convencida que todo o mundo cando a lea saberá que fala de si». «Parabenizo a Xabier por ofrecernos esta novela coa que nos reconciliamos coas vidas que vivimos e coas que viviremos».

Pola súa banda, Xabier Paz comezou as súas palabras definindo a novela como «unha reflexión sobre a natureza humana dun rapaz de crecemento tardío». Agradeceu aos seus amigos Merce e Vitor o feito de que despois da publicación de [Renacer](#) o emprazasen a escribir sobre el mesmo. Recoñeceu que utilizara un eixo improbable como eixo da trama, a semellanza do tango inverso protagonizado por Nito e Elba. «Pelexar coas fichas documentais e temáticas foi o máis difícil da escrita da novela. A ambición era a reflexión sobre o ser humano dende todas as perspectivas». Confesou que desbotara tres fichas que lle interesara, a de Frei Diego Landa, autor da Relación das cousas de Yucatán, a civilización que axudara a liquidar, a do sermón de San Antonio dos peixes e a da condesa Elisabeth Barthory, a condesa sanguenta. Utilizando a proxección de fotografías, falou do tempo e dos espazos de Nito, «un neno que medra con moita dificultade nos

anos 50 nunha cidade con alcaldes da envergadura de Picadillo e Alfonso Moilna». Rematou a súa intervención, referíndose ao que na novela chámase «A desfeita», o desastre da modernización e a corrupción dos anos posteriores á chamada Transición Política.

[Manuel Bragado](#)